
NON HAI ESCAPATORIA E OUTROS CONTOS MARABILLOSOS

Texto de TIM BOWLEY

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 86 páx. 15 €

[Non hai escapatoria e outros contos maravillosos](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-792-8. Sete Leguas.

[No hay escapatoria y otros cuentos maravillosos](#) (castelán)

ISBN 978-84-92608-60-7. Siete Leguas.

[Não há como escapar e outros contos maravillosos](#) (português)

ISBN 978-989-8205-80-3. Sete Léguas.

Un famoso criador de cabalos mandou o seu servo ao mercado para comprar froita. O servo xa case rematara as compras cando un terrible arrepío lle percorreu as costas; deu media volta e descubriu unha imponente e delgada figura encapuchada e vestida de negro...

[Fragmento do relato «Non hai escapatoria»]

Xunto con «O Rei Oso Branco e outros contos maravillosos», este libro -ilustrado igualmente por Óscar Villán- contén unha escolma dos mellores relatos do narrador Tim Bowley. Dez historias sobre amores, humores e avaricias protagonizadas por criaturas máxicas, personaxes solitarios ou membros da realeza; aventuras cheas de emoción e de tenrura, ou lendas terroríficas coas que viaxar por todo o mundo. As imaxes, descritivas e dotadas de sorprendentes efectos escénicos, anteceden cada texto e contribúen a crear o clima de lectura idóneo.



- **Temática:** libro de contos maravillosos.
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.
- **Aspectos destacables:** literatura de tradición oral de diversos países, narración, oralidade; humor, emocións, sorpresa, intriga.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/non-hai-escapatoria-g>

Tim Bowley

(Londres, 1945 - 2017)

Narrador e especialista en contos tradicionais de todo o mundo, percorreu numerosos países coas súas actuacións ao longo de 25 anos de traxectoria, ademais de impartir cursos de contacontos. Colaborou nunha antoloxía narrativa publicada no Reino Unido e foi autor da obra bilingüe inglés-español "Semillas al viento" traducida por Casilda Regueiro, con quen formou tándem artístico durante unha década. Posteriormente traballou coa narradora Charo Pita. Na súa bibliografía para público infantil destacan «[Xaime e as landras](#)», «[Amelia quiere un can](#)» e os libros de relatos «[O Rei Oso Branco](#)» e «[Non hai escapatoria](#)» (KALANDRAKA).

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, «[O coelliño branco](#)» (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre os numerosos libros que ilustrou para diversas editoriais destacan a colección *Do berce á lúa*, o libro-disco «[Canta connosco!](#)», «[Juego de letras](#)», «[Un becho extraño](#)», «[Amora](#)», «[A Cebra Camila](#)», «[Animais de compañía](#)», e os libros de relatos «[O Rei Oso Branco](#)» e «[Non hai escapatoria](#)» (KALANDRAKA). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de cartéis. <https://ovillan.com>

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
